



CARNÉ XOVE

QUE É?

Con este documento, as persoas usuarias poden acceder a unha chea de descontos e vantaxes en múltiples entidades e establecementos en Galicia, no resto das comunidades autónomas e nos 40 países europeos adheridos ao programa Carné Xove Europeo (European Youth Card).

QUEN O PODE SOLICITAR?

O carné xove é gratuito e ten vixencia indefinida entre as idades de 12 a 30 anos.

-No caso das **persoas que xa tiñan o carné** (coa imaxe antiga), recíbeno no seu domicilio con todos os datos cubertos e xa plenamente operativo.

-No caso das **persoas que nunca tiveron o carné** ou que o teñen caducado dende hai moito tempo, recíbeno no seu domicilio cos tres primeiros campos cubertos (nome e apelidos, data de nacemento e data de caducidade). Para que o carné estea operativo, é necesario activalo.

COMO SE ACTIVA O CARNÉ XOVE?

A activación pódese facer de forma presencial ou electrónica:

-**Presencial**: acudindo a un dos [puntos de activación](#). A activación consiste en inserir na tarxeta o número de carné (número Eyca). Neste proceso é preciso acreditarse co DNI.

-**Electrónica**: os rapaces e rapazas que opten por esta vía deben cubrir [este formulario](#) e marcar a opción de ACTIVACIÓN DO CARNÉ XOVE RECIBIDO NO DOMICILIO. Uns días despois, recibirán no seu correo electrónico o seu número de carné, que deberán escribir manualmente na tarxeta para tela activada.

IMPORTANTE!!!!

Para obter todos os beneficios do carné xove deben asegurarse que o teñen activado se non, deberá activarse tal e como indicamos anteriormente.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



IES DO BARRAL
Lugar Barral s/n - 36860 PONTEAREAS
Teléfono: 986 644406 Fax: 986 644397
ies.barral@edu.xunta.es

Como sei se o teño que activar?

Só cómpre activalo se o apartado do número de carné que recibes está baleiro.



XUNTA
DE GALICIA

Nome e apelidos | Nombre y apellidos | Cardholder Name

Data nacemento | Fecha nacimiento | Date of Birth Válido ata | Válido hasta | Valid Until

Número de carné | Número de carnet | Card Number

ey
European
Youth Card